CA5.9 Formalizouse a documentación propia do mantemento (fichas de intervención, históricos de avarías, diagramas, informes e memorias de mantemento, etc.).
CA6.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os utensilios, as máquinas e os medios de transporte.
CA6.2 Operouse con máquinas e ferramentas respectando as normas de seguridade.
CA6.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.
CA6.4 Recoñecéronse os elementos de seguridade e os equipamentos de protección individual e colectiva (calzado, protección ocular e indumentaria, etc.) que cumpra empregar nas operacións de montaxe e mantemento.
CA6.5 Identificouse o uso correcto dos elementos de seguridade e dos equipamentos de protección individual e colectiva.
CA6.6 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA6.7 Identificáronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.
CA6.8 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA6.9 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Normativa de aplicación en instalación e mantemento das instalacións electroacústicas.
0Características dos tipos de sinais empregados en electroacústica: Mic, Line, Aux, etc.
Simbología das instalacións electroacústicas.
Evolucións no aspecto técnico e normativo.
Normativa de sistemas electroacústicos en servizos de emerxencia.
Calidades e características físicas dun sinal de audio.
Características acústicas dos locais: ruído, reverberación, eco, coeficiente de absorción, etc.
Magnitudes e unidades fundamentais empregadas en electroacústica: nivel de presión sonora, intelixibilidade da palabra, potencia, etc.
Características das instalacións electroacústicas de megafonía, sonorización e intercomunicación no interior do ámbito doméstico, terciario, industrial, institucional, asistencial, etc.
Tipos de instalacións electroacústicas segundo a súa función: reforzo de audio, emisión de avisos, música de fondo, música de alta calidade, combinación de palabra e música, intercomunicación, tradución simultánea, etc.
Tipos de instalacións electroacústicas segundo a súa configuración: sistemas de control e amplificación centralizado ou distribuído, sistemas de alta ou baixa impedancia, sistemas balanceados ou non balanceados, etc.
Sistemas de audio sobre IP.
Especificacións técnicas das instalacións electroacústicas.
0Configuración e dimensionamento de elementos e equipamentos de instalacións electroacústicas. Posibilidades de ampliación.
Normativa específica e REBT: aplicación á configuración das instalacións.

**Contidos**

Técnicas para a determinación das características acústicas dos locais que cumpra sonorizar.

Equipamentos das instalacións electroacústicas: elementos de entrada (fontes de son e micrófonos), elementos de control e amplificación (mandos de control, preamplificadores, amplificadores e etapas de potencia) e elementos de saída (altosfalantes).

Cableamento e conectadores empregados nas instalacións electroacústicas: conectadores XLR ou Canon, Jack ou TRS, DIN, RCA ou Cinch, Speakon, RJ45, etc.

Técnicas de representación de instalación. Esquemas e planos de trazado.

Cálculo dos parámetros das instalacións electroacústicas.

Selección de equipamentos e elementos para a montaxe de instalacións.

Elaboración de esquemas.

Interferencia e coordinación con outras instalacións.

Plan de montaxe. Programación de actividades de montaxe.

Técnicas de montaxe e verificación de instalacións electroacústicas.

Tendido de canalizacións e condutores. Técnicas de conexión e verificación de condutores e conectadores.

Técnicas de execución e verificación das instalacións eléctricas dedicadas.

Criterios de calidade.

Criterios para o óptimo aproveitamento dos materiais empregados.

Eficiencia e organización do traballo.

Coidado da instrumentación e da ferramenta.

Traballo en equipo.

Posta en servizo de instalacións electroacústicas.

Parámetros de funcionamento nas instalacións electroacústicas.

Axustes e posta a punto.

Instrumentos e procedementos de medida e verificación nas instalacións electroacústicas: polímetro, sonómetro, analizador de son, rexistrador gráfico, osciloscopio, etc.

Verificacións regulamentarias.

Documentación esixida pola normativa.

Mantemento preventivo, predictivo e correctivo das instalacións. Instrucións de mantemento de fábrica.

Puntos de inspección para o mantemento e parámetros que cumpra controlar.

Protocolos de intervención segundo o tipo de mantemento.

Recursos para o mantemento das instalacións. Instrumentos de medida.

Mantemento correctivo. Localización de avarías e disfuncións nos equipamentos e nas instalacións.

Ferramentas e utensilios para a reparación e o mantemento de instalacións electroacústicas.

Documentación aplicada ao mantemento.

Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.

Elaboración de manuais de servizo e mantemento.

Normativa de prevención de riscos laborais relativa ás instalacións electroacústicas.

**Contidos**

Prevenición de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.

Normas de seguridade no emprego de máquinas e ferramentas.

Identificación das causas máis frecuentes de accidentes laborais nas instalacións electroacústicas.

Equipamentos de protección individual e colectiva: características e medios de uso.

Normativa reguladora da xestión de residuos.

Orde e limpeza como elementos fundamentais da seguridade no traballo.



**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Formación en empresa.	0

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Procesos en instalacións de seguridade electrónica, circuito pechado de televisión e control de accesos	30

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza instalacións de seguridade electrónica, circuitos pechados de televisión (CPTV) e control de accesos, para o que analiza a súa tipoloxía e as características dos equipamentos e dos elementos que as integran.	SI
RA2 - Configura instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos, para o que representa as instalacións sobre planos e elabora esquemas.	SI
RA3 - Instala sistemas de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos aplicando técnicas establecidas, e verifica a adecuación á normativa e a calidade das instalacións.	SI
RA4 - Verifica o funcionamento das instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos, medindo parámetros e axustando os seus elementos.	SI
RA5 - Mantén instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos, asignando tarefas e recursos, e verifica a calidade das intervencións.	SI
RA6 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense e analizáronse os conceptos básicos da seguridade electrónica en relación coa intrusión, o incendio e a detección de gases.
CA1.2 Descríbense e analizáronse os conceptos básicos dos sistemas de CPTV e de control de accesos.
CA1.3 Identifícanse os tipos e as características das instalacións consonte a normativa.
CA1.4 Identifícanse os tipos e as características dos sistemas de seguridade electrónica fronte á intrusión, o incendio e a acumulación de gases nocivos, nos ámbitos doméstico, terciario, industrial, institucional, e asistencial, etc.
CA1.5 Identifícanse os tipos e as características dos sistemas de CPTV.
CA1.6 Identifícanse os tipos e as características dos sistemas de control de accesos.
CA1.7 Relacionouse a simboloxía cos elementos e cos equipamentos da instalación.
CA1.8 Identifícanse os equipamentos de cada sistema.
CA1.9 Recoñeceuse a función dos elementos das instalacións.
CA1.10 Identifícanse as características técnicas dos dispositivos.
CA1.11 Consideráronse posibles evolucións tecnolóxicas e normativas.
CA2.1 Identifícanse as especificacións técnicas das instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos.
CA2.2 Representáronse sobre planos os trazados e os elementos da instalación (cableamentos, rexistros, etc.).
CA2.3 Determináronse as características físicas dos locais que cumpra controlar.
CA2.4 Calculáronse os parámetros dos elementos e dos equipamentos.
CA2.5 Elaboráronse os esquemas, coa simboloxía normalizada.

<b>Criterios de avaliación</b>
CA2.6 Dimensionáronse os elementos da instalación.
CA2.7 Seleccionáronse elementos das instalacións.
CA2.8 Dimensionáronse os elementos da instalación eléctrica dedicada.
CA2.9 Tivéronse en conta interferencias con outras instalacións.
CA2.10 Configuráronse as instalacións tendo en conta a posibilidade de ampliacións.
CA2.11 Aplicouse a normativa e o REBT na configuración da instalación.
CA3.1 Aplicouse o plan de montaxe dunha instalación de seguridade electrónica.
CA3.2 Aplicouse o plan de montaxe dunha instalación de CPTV e dunha instalación de control de accesos.
CA3.3 Programáronse as actividades de montaxe.
CA3.4 Verificouse ou executouse a traza da instalación.
CA3.5 Verificouse ou executouse a montaxe de canalizacións, e dos condutores e os conectadores normalizados.
CA3.6 Verificouse ou executouse a montaxe e a configuración dos equipamentos e dos elementos característicos de cada instalación.
CA3.7 Verificouse ou executouse a montaxe das instalacións eléctricas dedicadas.
CA3.8 Aplicáronse os criterios de calidade nas operacións de montaxe e verificación.
CA3.9 Empregáronse os materiais con criterios de óptimo aproveitamento nos procesos de montaxe.
CA3.10 Realizáronse tarefas de execución e verificación tendo en conta criterios básicos de eficiencia.
CA3.11 Tívoise en conta o coidado da instrumentación e da ferramenta empregada nas operacións de verificación e execución.
CA3.12 Organización do traballo en equipo.
CA4.1 Aplicouse o plan de comprobación e posta en servizo.
CA4.2 Utilizáronse os medios, as ferramentas informáticas e os instrumentos de medida específicos para cada instalación.
CA4.3 Axustáronse os equipamentos das instalacións.
CA4.4 Verificouse que os resultados obtidos nas medidas cumpran a normativa ou estean dentro das marxes establecidas de funcionamento.
CA4.5 Realizáronse medidas e probas de funcionamento.
CA4.6 Cubríronse as follas de probas de aceptación e a documentación esixida pola normativa.
CA5.1 Programáronse as actividades de mantemento preventivo.
CA5.2 Determináronse os recursos para o mantemento preventivo, predictivo e correctivo das instalacións.
CA5.3 Tivéronse en conta as instrucións de mantemento de fábrica.

<b>Criterios de avaliación</b>
CA5.4 Elaborouse un protocolo de intervención segundo o tipo de mantemento.
CA5.5 Aplicáronse as técnicas propias de cada instalación para a localización de avarías.
CA5.6 Diagnosticáronse as causas de avarías nas instalacións.
CA5.7 Restituíuse o funcionamento da instalación, substituíndo equipamentos ou elementos.
CA5.8 Aplicáronse criterios de seguridade no mantemento das instalacións.
CA5.9 Formalizouse a documentación propia do mantemento (fichas de intervención, históricos de avarías, diagramas, informes e memorias de mantemento, etc.).
CA6.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os utensilios, as máquinas e os medios de transporte.
CA6.2 Operouse con máquinas e ferramentas respectando as normas de seguridade.
CA6.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.
CA6.4 Recoñecéronse os elementos de seguridade e os equipamentos de protección individual e colectiva (calzado, protección ocular e indumentaria, etc.) que cumpra empregar nas operacións de montaxe e mantemento.
CA6.5 Identificouse o uso correcto dos elementos de seguridade e dos equipamentos de protección individual e colectiva.
CA6.6 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA6.7 Identificáronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.
CA6.8 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA6.9 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

#### **4.7.e) Contidos**

<b>Contidos</b>
Normativa de aplicación en instalación e mantemento das instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos.
Normativa de aplicación á seguridade privada e á protección de datos.
Instalacións de seguridade electrónica. Tecnoloxía empregada: sistemas convencionais e sistemas analóxicos.
Instalacións de CPTV. Tecnoloxía empregada: sistemas de CPTV con cables e sen fíos, sistemas sobre IP, vídeo intelixente, etc.
Instalacións de control de accesos. Tecnoloxía empregada: sistemas con cables de baixo nivel, sistemas baixo soporte informático de alto nivel, etc.
Características do cableamento e conectadores empregados nas instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos.
Simboloxía das instalacións de seguridade electrónica, de CPTV e de control de accesos.
Evolucións a nivel técnico e normativo.
Especificacións técnicas das instalacións de seguridade electrónica, de CPTV e de control de accesos.
0Elaboración de esquemas.
Interferencia e coordinación con outras instalacións.
Configuración e dimensionamento de elementos e equipamentos de instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos. Posibilidades de ampliación.



Contidos
Normativa específica e REBT: aplicación á configuración das instalacións.
Parámetros físicos e condicións ambientais que afectan as instalacións de seguridade electrónica.
Técnicas para a determinación das características físicas dos locais que cumpra controlar.
Elementos das instalacións de seguridade electrónica: sensores, centrais de control, elementos de sinalización, elementos de comunicación co exterior, etc. Tipos e características.
Elementos das instalacións de CPTV: cámaras, mandos de control de cámaras, monitores, videogravadores, multiplexores, xeradores de cuadrantes e servidores web, etc. Tipos e características.
Elementos das instalacións de control de accesos: teclados, lectores, elementos e software de control, etc. Tipos e características.
Técnicas de representación de instalación. Esquemas e planos de trazado.
Cálculo dos parámetros das instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos.
Selección de equipamentos e elementos para a montaxe de instalacións.
Plan de montaxe. Programación de actividades de montaxe.
Traballo en equipo.
Técnicas de montaxe e verificación de instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos.
Tendido de canalizacións e condutores. Técnicas de conexión e verificación de condutores coaxiais, mangas de condutores para seguridade electrónica, condutores de pares ou fibra óptica, etc.
Programación de centrais de incendio, intrusión e detección de gases.
Técnicas de execución e verificación das instalacións eléctricas dedicadas.
Criterios de calidade.
Criterios para o óptimo aproveitamento dos materiais empregados.
Eficiencia e organización do traballo.
Coidado da instrumentación e da ferramenta.
Posta en servizo de instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos.
Parámetros de funcionamento nas instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos.
Axustes e posta a punto.
Instrumentos e procedementos de medida e verificación nas instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos: polímetro, medidor de intensidade de campo, analizador de espectros, osciloscopio, etc.
Verificacións regulamentarias.
Documentación esixida pola normativa.
Mantemento preventivo, predictivo e correctivo das instalacións. Instrucións de mantemento de fábrica.
Puntos de inspección para o mantemento e parámetros que cumpra controlar.
Protocolos de intervención segundo o tipo de mantemento.
Recursos para o mantemento das instalacións. Instrumentos de medida.
Mantemento correctivo. Localización de avarías e disfuncións nos equipamentos e nas instalacións.
Ferramentas e utensilios para a reparación e o mantemento de instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos.
Documentación aplicada ao mantemento.
Prevenção de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.

**Contidos**

Elaboración de manuais de servizo e mantemento.

Normativa de prevención de riscos laborais relativa ás instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos.

Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.

Normas de seguridade no emprego de máquinas e ferramentas.

Identificación das causas máis frecuentes de accidentes laborais nas instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos.

Equipamentos de protección individual e colectiva: características e medios de uso.

Normativa reguladora en xestión de residuos.

Orde e limpeza como elemento fundamental da seguridade no traballo.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os criterios de avaliación mínimos exigibles do módulo son os establecidos para cada unha das unidades didácticas nas que se organiza o módulo. E istas son:

Caracterizáronse instalacións electroacústicas interiores, para o que analiza a súa tipoloxía e as características dos equipamentos e dos elementos que as integran.

Configuráronse instalacións electroacústicas, para o que representa as instalacións sobre planos e elabora esquemas.

Instaláronse sistemas electroacústicos aplicando técnicas establecidas, e verifica a adecuación á normativa e a calidade das instalacións.

Verifícase o funcionamento das instalacións electroacústicas, para o que mide parámetros e axusta os seus elementos.

Mantivéronse instalacións electroacústicas, asignando tarefas e recursos, e verifica a calidade das intervencións.

Caracterizáronse instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións, para o que analiza as redes que as compoñen e describe a función e as características dos equipamentos e dos elementos que as integran.

Configuráronse infraestruturas de telecomunicacións, e representar as instalacións sobre planos e elabora esquemas.

Instaláronse infraestruturas comúns de telecomunicacións aplicando técnicas establecidas, e verifica a adecuación á normativa e á calidade das instalacións.

Verifícase o funcionamento das instalacións, medindo parámetros e axustando os seus elementos.

Mantivéronse as infraestruturas comúns de telecomunicacións, asignando tarefas e recursos e verificando a calidade das intervencións.

Caracterizáronse instalacións de seguridade electrónica (detección de gases, detección de incendios e sistema de detección de alarma), circuitos pechados de televisión (CPTV) e control de accesos, para o que analiza a súa tipoloxía e as características dos equipamentos e dos elementos que as integran.

Configuráronse instalacións de seguridade electrónica (detección de gases, detección de incendios e sistema de detección de alarma), CPTV e control de accesos, para o que representará as instalacións sobre planos e elabora esquemas.

Instaláronse sistemas de seguridade electrónica (detección de gases, detección de incendios e sistema de detección de alarma), CPTV e control de accesos aplicando técnicas establecidas, e verifica a adecuación á normativa e a calidade das instalacións.

Verifícase o funcionamento das instalacións de seguridade electrónica, CPTV e control de accesos, medindo parámetros e axustando os seus elementos.

Mantivéronse instalacións de seguridade electrónica (detección de gases, detección de incendios e sistema de detección de alarma), CPTV e control de accesos, asignando tarefas e recursos, e verifica a calidade das intervencións.

Cumpríronse as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Realízase unha avaliación por cada trimestre. A expresión da cualificación obtida por cada alumno/a será numérica, entre un e dez, sen decimais. No caso dos alumnos/as que teñan suspensa algunha UD, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Teñen a consideración de mínimos esixibles aqueles criterios de avaliación establecidos como tales no deseño das unidades didácticas desta

programación. Os mínimos guiarán o proceso de avaliación ordinaria do módulo, e serán a referencia para desenvolver as probas de recuperación das partes non superadas e as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua.

Así, para acadar unha avaliación positiva na UD, o alumnado deberá obter unha cualificación positiva (cualificación numérica igual ou maior a 5 sobre 10) en todos os CA considerados mínimos esixibles.

Os instrumentos de avaliación veñen recollidos para cada UD no seu apartado correspondente:

- Probas escritas parciais (PE). As probas escritas avaliarán conceptos teórico-prácticos adquiridos de cada unha das UD. Estes constarán dunha parte eminentemente teórica que será de tipo test e/ou preguntas de resposta curta, casos prácticos, realización de esquemas.
- Táboas de observación (TO), baseadas na observación directa e estruturada do traballos prácticos do/a alumnado/a a partir dos indicadores establecidos. En función do tipo de escala que se use para valorar os indicadores, as táboas de observación (TO) poderán ser: escalas de valoración (EV) ou listas de cotexo (LC).

As probas escritas estarán compostas de algún ou varios dos instrumentos seguintes:

- Cuestionario tipo test
- Cuestionario no que terá que desenvolver unha serie de preguntas
- Realización de esquemas
- Esquemas nos que terá que detectar fallos ou anomalías para o seu correcto funcionamento.
- Cálculo e deseño de instalacións de ICT simples.

As probas teóricas terán un valor do 70%.

As probas prácticas consistirán na realización de diversas montaxes ao longo do curso que incluíran algún ou varios dos instrumentos seguintes:

- Realización de instalacións sobre placa de prototipos ou maquetas realizando as medicións eléctricas oportunas.
- Identificar compoñentes do sistema en maquetas
- Detectar posibles avarías en maquetas
- Utilización de equipos de control e diagnose en maquetas
- Seguemento de esquemas eléctricos dun sistemas
- Realización de cálculos e esquemas dunha proposta de instalación de ICT.

A probas prácticas terá un valor do 30%.

PARA OS 2 APARTADOS ANTERIORES:

O mínimo esixido para superar o módulo será a nota de cinco puntos sobre 10.

O alumno que acade unha cualificación en algún dos dous apartados anteriormente citados inferior a catro puntos, antes de calcular o tanto por cento, suporá un suspenso na avaliación.

Para aprobar o módulo será necesario ter aprobado cada unha das avaliacións. A nota final do módulo será unha media das notas de cada unha das avaliacións.

Aquelas persoas que non superen o módulo terán dereito a un exame de recuperación de aquela parte ou partes non superadas, tanto teóricas como prácticas que se realizará ao final do curso ordinario. Para aprobar será necesario obter unha nota igual ou superior a 5.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para aquel alumnado que non acade os obxectivos na avaliación ordinaria en cada unha das avaliacións, establecerase a petición do alumno un programa de actividades de reforzo educativo co fin de poida acadar os mínimos esixibles, de xeito que se intente supera-lo módulo coas actividades de reforzo, e medidas que favorezan a individualización do ensino. Estas actividades de reforzo serán cualificadas individualmente polo profesor sen que a superación das mesmas exima ó alumnado da realización dunha proba global de recuperación por cada avaliación que teña suspenso. Esta proba realizarase ó final do período de docencia e antes da avaliación ordinaria de Xuño.

Todas as actividades de recuperación serán cualificadas de 1 a 10.

Con anterioridade á finalización do período lectivo ordinario realizarase unha proba de recuperación final de todos os exames, na que cada un dos alumnos deberá realizar a parte ou partes que tivera suspensas.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que perderan o dereito á avaliación continua poderán asistir ás clases, aínda que todas as cualificacións que obteñan en prácticas ou probas non serán tidas en conta figurando nas cualificacións parciais o concepto de P.D. e deberá realizar unha proba de avaliación final.

Esta proba terá dúas partes:

Unha proba escrita composta de algún ou varios dos instrumentos seguintes:

- Cuestionario tipo test
- Cuestionario no que terá que desenvolver unha serie de preguntas
- Esquemas nos que terá que detectar fallos ou anomalías para o seu correcto funcionamento.
- Deseño de instalacións domóticas simples.

A proba teórica terá un valor do 50%.

Unha proba práctica que consistirá nalgún ou varios dos instrumentos seguintes:

- Realización de montaxes sobre maquetas realizando as medicións eléctricas oportunas.
- Identificar compoñentes do sistema en maquetas
- Detectar posibles avarías en maquetas
- Utilización de equipos de control e diagnose en maquetas
- Seguemento de esquemas eléctricos dun sistemas
- Realización de cálculos eléctricos e esquemas dunha proposta de instalación .

A proba práctica terá un valor do 50%.

**PARA OS 2 APARTADOS ANTERIORES:**

O mínimo esixido para superar o módulo será a nota de cinco puntos sobre 10.

O alumno que acade unha cualificación en algún dos dous primeiros apartados anteriormente citados inferior a cinco puntos, antes de calcular o tanto por cento, suporá un suspenso na avaliación.

**7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A programación ao tratarse dunha planificación inicial e de que a súa implementación depende de distintos factores, tales como as características do alumnado, as diferenzas de nivel existente, etc, poderá estar suxeita a algún tipo de modificación que deberá recollese e anotarse no seguimento da mesma.

O seguimento da programación realizarase a través da aplicación informática de xestión de programación. Comprobarase o grao de cumprimento da mesma e as posibles desviacións ou melloras que poden mellorar a planificación do actual curso e/ou de cursos posteriores.

Mensualmente informarase na reunión do departamento do seguimento da programación, datos que serán tidos en conta na memoria final do curso.

**8. Medidas de atención á diversidade****8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Ao comezo do curso realizarase unha avaliación inicial dos alumnos co fin de coñecer o seu nivel de coñecementos con respecto a materia que nos ocupa, así como intentar coñecer o ambiente social e familiar no que se desenvolven, así como a motivación de cara ó ciclo formativo, o módulo e as súas posibles inquietudes o respecto.

Como instrumentos para realizar a avaliación utilizaranse entrevistas cos alumnos e, se fose necesario, un cuestionario ou test.

Esta servirá ao profesor como punto de partida para a aplicación da súa metodoloxía, tanto no que se refire á temporalización, como na súa labor de atención á diversidade do alumnado.

Non obstante, realizarase un seguimento para coñecer as características do alumnado e valorar a necesidade de introducir algunha medida, ben porque se detecta unha necesidade específica de apoio educativo ou a necesidade de medidas de atención á diversidade de intereses e capacidades.

Caso de detectarse algún alumno que pola súa dificultade de aprendizaxe ou polas súas características persoais necesítase unha flexibilización modular dacordo co equipo docente proporase á dirección para a súa aprobación e esta a Inspección educativa que será a que tomará a decisión final da aprobación ou non desta medida.

Nos casos dos alumnos con necesidades especiais seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería de Educación e seguindo as directrices do Departamento de Orientación do Centro.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Como medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responde globalmente aos obxectivos programados establécense unha serie de medidas como son as seguintes:

Agrupamentos heteroxéneos en canto a capacidades.

Realización de actividades de xeito crecente en relación ao grao de dificultade.

Programación de tarefas guiadas a través da aula virtual para o alumnado que presente un avance máis lento.

Apoio puntual para superar os mínimos exixibles.

Axuda persoal do profesor ou a través do correo electrónico.

En calquera caso, trátase dunha programación flexible e aberta e que poderá ser adaptada en calquera momento á heteroxeneidade do grupo: as súas motivacións, coñecementos e ritmos de aprendizaxe.

Nos casos dos alumnos con necesidades especiais seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería de Educación e seguindo as directrices do Departamento de Orientación do Centro.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Ao longo do desenvolvemento das unidades didácticas procurarase fomentar certos valores para os que dende o módulo de Instalacións eléctricas básicas convén facer fincapé nos seguintes:

Fomento de actitude respectuosa e tolerante entre os alumnos e co profesorado.

Coidado da saúde no emprego de ferramentas e equipos coas medidas de seguridade requeridas.

Respecto ao medio ambiente na xestión de residuos das instalacións.

Respecto ao medio ambiente no uso eficiente da enerxía eléctrica.

Fomento do consumo responsable de produtos tecnolóxicos

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Son as indicadas na programación de actividades do departamento.

Dentro do plan de visitas a empresas e/ou instalacións e visitas a feiras do ramo (propostas e aceptadas polo Departamento) incluídas nos obxectivos xerais do ciclo, os alumnos terán a ocasión de facer as observacións oportunas, e tomar notas de todo o que nelas observen e consideren de interese, tendo sempre en conta as cuestións referentes a seguridade, calidade, situación de elementos, etc., xa que de cada visita que se realice, o alumno terá que facer o correspondente informe, que incluírá, entre outras cousas, unha crítica técnica do observado.

A realización destas actividades quedará supeditada ás instrucións que emita a autoridade sanitaria.